

O NADAL



XXXVIII

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



Declarado de interese turístico galego pola Xunta de Galicia (D.O.G. 4-11-2014).

XXXVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 172-2014

XXXVIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

Colabora:

Concello
de **BEGONTE**

ARREDOR DO NADAL

Estamos xa na edición XLIII de O NADAL EN BEGONTE, un tempo diferente que vivimos neste concello chairego desde que demos en artellar un Belén Electrónico para mellor achegármonos á máis fermosa efeméride da nosa historia.


E se a cada edición desta xa longa traxectoria poderíamos asignarlle cadanseu acontecemento, celebración ou punto de inflexión, neste momento o feito máis destacado é a declaración do Belén e as súas actividades como Festa de Interese Turístico Galego por parte da Xunta de Galicia.

Aínda que o aspecto turístico non sexa o máis relevante da nosa esencia e da nosa existencia, si é importante polo que se refire á súa repercusión na atracción das xentes a contemplar esta manifestación religiosa, cultural e social que reflicte o nacemento de Deus desde unha perspectiva galega e chairega.

Esta declaración fará ao noso Belén aínda máis coñecido, aínda máis visitado, e polo tanto tamén máis estimado, conseguindo cumprir cada vez en maior medida o propósito inicial de divulgar o feito do Nadal e, á súa vez, contribuir a un maior coñecemento e impulsión do Concello de Begonte (Begonte do Belén).

Coa nosa invitación a tódolos galegos e aos que queiran sentirse galegos connosco, abri-

mos as portas do Belén Electrónico de Begonte e do Museo do Belén, de par en par, un ano máis, para vivir todos xuntos este especial tempo de ilusión, de amor e de paz.

A handwritten signature in black ink, reading "Xesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is enclosed within a large, hand-drawn oval shape.

*Xesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro Cultural
“José Domínguez Guizán”*



POESÍA

XXXVIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2013 ven de convocar o XXXVIII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil catorce.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2013.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Xurado calificador dos traballos presentados ao XXXVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, formado por:



JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, Presidente do Centro cultural convocante; XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, poeta e XULIO XIZ RAMIL, xornalista, (que actúa como Secretario), acordan, por unanimidade, emitir o seguinte fallo:

- *Conceder o PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 € e estatuíña de Sargadelos ao poema titulado ROMANCE DOS DOUS XOSÉS, presentado baixo o lema “Xograr do Porteirox” do que resultou ser autor CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ, veciño de Lugo.*
- *O segundo premio, dotado con 300 € e estatuíña de Sargadelos, otorgouse ao poema CHORRA MEU NENO, presentado co lema “Rex terrae”, resultando ser o seu autor XOSÉ OTERO CANTO, veciño de Lugo.*
- *Pola calidade do seu traballo, concedeuse MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos ao poema PREGARIA AO NENO-LUZ, do que é autor BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (Mero).*

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil

FALLO DO XURADO



CARLOS LÓPEZ FERNÁNDEZ

Fixo os estudos de Filloxía Románica (sección de Español) na Universidade de Santiago de Compostela.

Exerceu como profesor de Lingua Castelá e Galega en colexios privados de B.U.P. entre os anos 1976 e 1984.

En 1984 fixo as oposicións a mestre de Primaria en Barcelona e permaneceu nove anos como docente naquela comunidade ata o ano 1993, en que solicitou o traslado a Galicia, onde continúa traballando dentro do ensino público no CEIP “Luís Pimentel” de Lugo.

ROMANCE DOS DOUS XOSÉS

Entraron os tres Reis Magos
polos portos de Galicia,
atrás deixaban Castela
despois dunha longa vía.
Cando ao Cebreiro chegaron
o día enfuscando ía
e dispuxeron quedar
na pousada do Elías.
Descansaron toda a noite
en leitos de sabas finas,
e de novo cabalgaron
ao riscar o novo día.
Por engrobas e vagantas
alancaban e corrían
pensando chegar a Sarria
mellor canto máis axiña.
Aló a medio camiño,
cando non o presentían,
mestos nubeiros no ceo
taparon as boas vistas.
Entraron na vila munchos
pois perderan a estrelaña
que cada noite marcaba
unha rota clara e nidia
cara o berce do Meniño.
Cando arrinca o novo día,
desnortados preguntaban

ónde o bon Deus nacería;
ninguén lles daba resposta,
porque ninguén o sabía.
A Samos razón mandaron
ata os monxes da abadía
por se alguén alí soubera
iso que saber querían.
Entón falou o abade,
que todos por sabio tiñan,
e dixo que só Santiago
digna do evento sería.
Tanta realeza xunta
endexamais ninguen vira,
que ben cabalgan os tres
cando a Compostela ían.
Moito agasallo levaban,
mais mouro o ceo seguía
mentres eles avanzaban
tan mouro máis non podía.
Despois de dúas xornadas
a gran capital xa vían
e ao fin os seus pés pisaron
as rúas que os marabillan.
Cara o Hostal raudos marchan
pois coidaban que María
en pazo tan principal
apouento tomaría.

Grande sorpresa houberon
ao ver que ninguén había
dos que eles contaban ver.
Norearon pola vila
na procura do misterio,
mais ninguén resposta tiña.
Acudiron aos máis doctos
entre toda a burguesía,
maxistrados e prelados,
doutores de gran valía.
Desvelos foron en van,
pois nin un deles ouvira,
nin de seu nin de segundos,
tamaña nova na vida.
Coa vista fita no chan ,
magoados os reis platican
en busca de solución
para a súa travesía.
O que chaman Baltasar
propón tentar outra vila
e sentenciaron Coruña,
por ser a máis distinguida.
Unha vez foron chegados
buscaron con gran porfía,
pero tampouco atoparon
o tesouro que querían.
Vencidos por tanto entorto,
xa pensan deixar Galicia

para mirar noutras terras
a quen render pleitesía.
Cara as Asturias cabalgan
deixando atrás freguesías
que un comiño lles importan.
De pronto os cabalos rinchan
e senten augas soar
baixo unha ponte belida
a dous palmos do camiño.
Alí mesmo nunha ermida
o Santo Alberte sonado
reparte a todos ledicia,
á beira do río Parga.
Aínda que a noite arrepía
e o lobo oubea ao lonxe,
do fervor coa ousadía,
acceden ao templo sacro
e alí unha oración dicían:
“Santo Alberte nomeado,
escóitanos unha miga
e axúdanos nesta hora
de coita e de lacería,
pois perdemos o camiño,
pois quedámonos sen guía”.
Tan axiña como saen,
vede qué gran marabilla,
ábrese un claro no ceo,
e a súa estrela escintila.

Ceibaban as tres coroas
polo aire coa alegría
de sabérense escoitados
dun santo de tal valía,
e agora xa todos senten,
estar moi preto o gran día.
Un abeiradoiro atopan
alí ao rente da ermida
para pasar toda a noite
cercados de mestas silvas.
A estrela dálles calor
e o santo fai de vixía
naquelas horas de lobos,
naquela noite tan fría.
Dende os rueiros de Roca
pola mañá na hora prima,
resoa o canto do galo
para erguerse a comitiva.
Ollan o ceo sereno
en busca da súa guía,
que loce tan grande e clara
como nunca antes a viran.
Estaba agora tan baixa
que as arbres tocar quería.
Cando os Magos están prestos
a estrela máis relocía
e alumeaba o camiño,
senalando a travesía

sempre á beira daquel río.
Atrás van quedando en liña
Baamonde, Bóveda, Pacios
e dende as Pontes de Arriba
Illán, Castro e máis Viris.
Aló cara o mediodía
entrados son en Begonte:
que ledicia para a vista
as verdes veigas do Ladra
e as arboredas que as inzan
todo ao seu arrededor!
Ao pouco de estar alí
senten voces que os chaman
con musical harmonía.
Enfeitizados acoden
os tres Reis con cortesía
e atopan ao pé dun freixo
dous pastores que os vixían.
—Quen sodes vós meu señor?
o rei Melchor inquiría.
—Un servo de Deus eu son
para vos servir neste día.
—Se andiveras con ovellas,
pastor ser ben poderías.
—Pastor abofé que son,
mais non dos que o gando guían.
—Se o enigma non me clarexas,
matinarei todo o día.

—Para abreviar, Maxestades,
o meu nome vos diría,
se escoitar a ben o tedes.
Todos Xosé me dicían,
Xosé Domínguez Guizán;
desta nobre freguesía
pastor hai un tempo fun.
Cando tales verbas ouvían,
axeonllábanse os Reis,
e as mans de Xosé pedían
para aos seus beizos levar.
Bágoas de emoción corrían
polas meixelas reais,
en tanto o outro pastor
con beatitude sorría.
Aquí falou Baltasar,
escoitade o que dicía:
—Ti que aí estás agachado,
achégate axiña aquí
pois es un ser singular
que en todo Oriente se admira.
Xosé Rodríguez Varela,
o teu nome eu xa sabía
pola sona dese arte,
con que ao belén deches vida.
Aquí calou o Rei Mago
e, aínda que en claro día,
de novo a estrela baixou

pousándose na herba fría.
Diante dos tres, abraiados,
a súa forma perdía
e en carro se transformaba:
carro de luz que lucía
con mais esplendor que o sol.
A el os Xosés subían
de regreso á súa morada
no máis alto construída
para non morrer xamais.
Ao cabo dunha miguiña,
xa da visión recobrados,
isto os tres Reis dicían:
—Finaron as nosas coitas,
as desventuras son idas,
xa chegamos a Begonte,
xa chegou o gran día,
de agasallar a Xesús
e renderlle pleitesía
no seu belén celebrado,
que é do orbe marabilla.
Grazas aos dous Xosés,
e a toda esa gran familia
dos begontinos que soñan
dos begontinos que miran
por enriba das fronteiras
cantando á paz neste día.



XOSÉ OTERO CANTO

Natural de Ponte Outeiro (Castro de Rei-Terra Chá), é Licenciado en Filoloxía, e Catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía *Salaíos da Chaira*, *Arelas de prata e soños*, *Miño, río pai e amigo*, *Guía poética da Muralla de Lugo*, *Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*, *Poemas da cidade*, *Poética da viaxe* e *Nenias chairegas*.

O seu labor poético tenlle deparado ata dezasete premios literarios nos certames literarios do Concello de Vilalba, A Pipa (Beceerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Bos Aires, Concello de Paradela e Nacional de Poesía do Centro cultural “José Domínguez Guizán” de Begonte.

CHORA MEU NENO

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Ai que noite tan escura,
canto vento e choiva fera,
sen ter quen te acalente
nesta noite de faena!

Dende o Belén ata o río
a Virxe no Ladra espera
que lle poñan a fornada
na cabeza coa rodela
e Xosé anda pedindo
ao frío da neve e con pena,
palla seca por Begonte
pra xuntar unha gavela.

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Ai, meu neno, ben querido,
miña soidade incerta!
Xulio anda envisado

e por ver se o neno berra
sobe ao alto do lousado
e polo oco dunha tella
exponlle a toda a xente
o que segue na quarteta:

“Cómpre louvar ao meniño
aínda que teña rabecha,
facerlle un bo certame
de poesía navideña...
e avisar aos seus pais
que lle dean a maicena”

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Domínguez atarefado
anda buscando outra peza
para poñerlle ao Belén,
acaída e con presteza.

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

De noite segue nevando,
as folerpas xa se encrechan
e a parroquia de Begonte
non se sabe onde empeza.

A Virxe está perdida
coa fornada na cabeza,
descoñece onde está o neno
e por iso desespera.

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Xosé chegou de primeiro
e púxolle a chupeta
para que o neno cale
e non sinta estrañeza.

Estrou as pallas no chan
con moito mimo e tenreza,
outras botounas ao lume
para acalorar a peza.

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,*

*que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

A Virxe está perdida
mais chea de afouteza,
entre a neve, coitadiña,
segue o resprandor da estrela
que chora no firmamento
causando grande estrañeza
a todos os chairegos.
Nunca viran tal grandeza!

*Chora, meu neno, chora,
chora pola branca teta,
que a Virxe vai no muíño
e Xosé... por palla seca.*

Xa vén pola corredoira
alancando a noite espesa,
toda chea de presura
desferrollou a cancela.
A pobre nai como corre!,
a pobre nai desespera,
mais chegando ao Belén
durmidíño o contempla
e cos labios de azucena
sóltalle un bico á mantenta.



BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (*Mero*)

Baldomero Iglesias Dobarrio (*Mero*), naceu en Vilalba en 1951. É mestre. Fundador de *Fuxan os Ventos* e *A Quenlla*, ten adicada a súa vida á música e a poesía, tendo gravadas arredor de medio cento de cancións das que é autor da letra, e de moitas delas da música. Ten recollido milleiros de cancións populares por todo Galicia.

Premio Pedrón de Ouro 2009 e Premio Ramón Piñeiro 2011, ten publicados tres libros de poesía.

PREGARIA AO NENO-LUZ

*En memoria de
Marcial González Vigo...
Nosas serán as súas verbas*

A Ti, Neno de Luz, que habitas a Chá, nado en Begonte, nunhas pallas,
perdido entre silencios da xente que traballa, coa suor na fronte,
esta terra longa, inmensa de corazón en lenta ollada.
A Ti, Neno de Luz, vai este pranto en verbas e derrotado en bágoas;
que esta pregaría busca, entre soños compracidos, a Luz da túa alborada.

En Ti, Neno, confío recendos de amenceres, sabéndome no orgullo
da orixe de chairego. E está chegando o frío no medio deste inverno,
e vén cheo de fame. Eu véñoche dicir, Neno de Luz, que cómpre
saber desa Luz Túa, para que xordan ternuras, calor que amor debulla
e o pan que non nos falte, nin abrigo e sustento con algo de sosego.

Que andan as tebras a sucara a noite,
a romper o día en sombras de destino incerto.
Andan as fondas, negras de escuras noites a ser máis noite
para abondar na nosa pertinaz cegueira.
Porque non vemos a Luz que Ti prodigas,
a túa Luz de esperanza, na memoria que subsiste,
nesta ruína enorme que precipita o mundo
a vagar nas soidades do silencio
e do medo, nesa obstinada tristura
do que compra e do que vende,
comerciantes da existencia, escépticos

do brillo das estrelas, da razón, do entendemento.
Veñen da dureza –en corazón– dos poderosos,
dos graciosos potentados de diñeiro,
na crueldade soberana, intransixencia,
e na inxustia das leis que os homes tecen.
Chegará por fin ese acto responsable,
rebelde da última prostración, cos pobres e os humildes,
cos negados, marxinais, ...xente sen teito,
proclamar dunha vez esa Túa Luz,
na defensa desconforme que reflicta o teu mandado,
o do Amor, única patria para rexer tanta xente
e tanta Terra, toda a Terra e os seus pobos,
combatendo estas sombras
que nós mesmos cargamos de miserias,
e no frío da pedra, baixo esta lousa
que nos trae asoballados, sumidos en tanta dor,
na máis profunda tristeza!.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e...
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
viva medre e...
mas...
sua... a...
lúa... a...
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián...
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
arón do Neno Deus,
ria e S. Xosé, e...
e camellos re...
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XXXVIII CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XXXVIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, de acordo coas seguintes bases:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.- 600 euros e estatuña de Sargadelos.
- SEGUNDO PREMIO.- 300 euros e estatuña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2014, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

Begonte (Lugo), Nadal de 2013.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXVIII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



FALLO DO XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ao XXXVIII Certame de Xornalismo “BEGONTE E O NADAL”, formado por: JOSÉ ULLA ROCHA, alcalde de Begonte; JESÚS DOMÍNGUEZ GUIZÁN, presidente do Centro cultural convocante; BLANCA PACÍN SOMOZA, bibliotecaria e JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, secretario do Centro Cultural de Begonte acordou conceder os seguintes premios:

- *PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, (600 euros e estatuíña de Sargadelos), a XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO por EL BELÉN DE BEGONTE ES UNA FARSA. FUERA DE ÉPOCA Y DE LUGAR, publicado en El Progreso (A Chaira) e en www.galiciadigital.com.*
- *SEGUNDO PREMIO (300€ e estatuíña de Sargadelos), a FÉLIX VILLARES MOUTEIRA polo traballo O FARO DO “MAR EN CALMA” DA CHAIRA publicado en La Voz de Galicia-Dumio e en www.galiciadigital.com.*
- *Pola calidade dos traballos presentados, o xurado acorda conceder cadansúa MENCIÓN DE HONRA, dotada con estatuíña de Sargadelos a: PEPE POL, polos traballos publicados en www.galiciadigital.com e en O Sil. E a PABLO NÚÑEZ, por*

EXISTE UN LUGAR, publicado en www.galiciadigital.com, e en La Voz de Galicia-Lugo.

O SECRETARIO DO XURADO



José Rodríguez Gómez



XOSÉ MANUEL CARBALLO FERREIRO

Xosé Manuel Carballo Ferreiro naceu en Goberno (Castro de Rei da Terrachá), o ano 1944.

É crego, e exerce o seu ministerio en varias parroquias de Castro de Rei, entrelas a capital do Concello. Foi formador do Seminario de Mondoñedo.

Humorista e prestidixitador, por riba de todo é un home da Igrexa e da Cultura; animador cultural e auténtico vivificador social.

Ten publicado teatro (*O menciñeiro á forza*, *Recobrou o sorriso o Eleuteiro*, *¿Bo Nadal?*), narración (*Parábolas chairegas*, *Don Otto de viaxe pola Chaira*, *Contrato nulo*), e comentarios de prensa, feito programas de Radio e dirixido o programa “Hai que celebralo” en Televisión Lugo.

Ten acadado premios de xornalismo en Sarria e Vilalba; de investigación histórica en Bazar (Castro de Rei) e, en dúas ocasións, o Premio de Novela do Concello de Vilalba.

En Begonte ten acadado en varias ocasións o primeiro premio do Certame de Xornalismo sobre O Nadal.

EL BELÉN DE BEGONTE ES UNA FARSA. FUERA DE ÉPOCA Y DE LUGAR

Se alguén picou e se puxo a ler incitado ou incitada polo titular, doume présa en aclarar que foi feito a propósito e con mala idea, pero movido polo que me dixeron que se dicía ós alumnos nas escolas de periodismo. A verdade é que non sei a ciencia certa se se dixo algunha vez nin se se segue dicindo, porque nunca pi-sei, nin de visita, unha escola de periodismo.

Escoitei que se ensinaba que o feito de que un can roia a unha persoa non é noticia. A noticia é que unha persoa roia a un can.

Por iso comecei dicindo o contrario do que penso e iso que non escribo ó ditado de ningunha empresa que me teña collido polo estómago ou que estea en perigo de iniciar outro ERE, que tampouco é noticia nos tempos que corren.

Por si mesmo o Nadal préstase para chamar a atención e servir de reclamo de lectores, de oíntes, de televidentes u ou de internautas.

Boa proba diso foron as trifulcas que se armaron o ano pasado nos máis variados medios sobre o libro de Benedicto XVI “La Infancia de Jesús”.

Case non falaban doutra cousa os tertulianos, especialmente os que non leran o libro. Non se armou pequena escandaleira botándolle a culpa ó Papa de espombar dos nacementos á mula e ó boi! Incluso os que levan anos tratando de suprimir dos beléns e da vida social ó Neno Xesús e ó resucitado Xesucristo, puxeron o berro no ceo e no inferno, porque un “ignorante” coma o gran teólogo Razzinger lles abriera a cancela para botalos fóra do

portal, ou o que é peor, insinuara que nunca estiveran no pendello.

Miña maíña, como se puxeron os que no Nadal só celebran o Papá Noel, degradación do bispo do século IV San Nicolás Bari, reducíndoo a un simple home-anuncio de Coca Cola ou en saltasebes e escala paredes.

En vista de tanto barullo e tanto revoltixo, boteime á librería “La Voz de la Verdad” –non sei se estará permitido meter publicidade, pero agora xa vai– e merquei o libro de Raszinger a ver se era certo ou non que suprimira por decreto a estes dous animalíños. A miña sorpresa foi maiúscula cando me atopei con que o Papa dicía o mesmo que eu dixera había xa hai anos nas prédicas do Nadal, (será un copión calquera?). É dicir: que en dos dous evanxeos que din algo da infancia de Xesús, o de Mateu e o de Lucas, non se fala para nada da mula nin do boi.

Tamén di que foi o Pobriño de Asís, quen no primeiro belén vivente do que temos noticia, aló polo ano 1223 incorporou unha mula e un boi.

Que moveu a San Francisco de Asís a levar animais ó belén vivente? Pois, nin máis nin menos ca o seu amor á natureza e ós seres ¿irracionais? que nela viven ós que mesmo lles chamaba irmáns, coma por exemplo os de medio ambiente ó lobo.

Pregunteille a un psiquiatra amigo meu por que algúns dos que máis arremeten contra a fe en Xesucristo e veñen a dicir que os crentes so-

mos uns intolerantes e ignorantes igual ca, poñamos por caso, Wernher von Braun, se poñerían así por unha mula e un boi máis ou menos.

Respondeume o psiquiatra amigo meu con moita confianza: –É por un problema de identificación. Son cento cincuenta euros da consulta que chos cobra a secretaria.

Se acertamos a non ser amigos... Eu, pobre de min, só dixeran: –Mande usted?

—Cento cincuenta –repetíu el e aclaroume sen cobrar nin un euro máis, que o problema é de confusión de identidade, porque non teñen ben definida a personalidade, e identifícanse máis axiña coa mula e o boi ca co Neno do presebe. —Ai, por iso! Mira ti! –dixeran eu– Morrendo e aprendendo. Non somos nada.

A ver que sorpresa nos teñen preparada para o Nadal deste ano; porque, como di un cura da diocese de Mondoñedo-Ferrol á que eu tamén pertenzo, Francisco Xavier Martínez Prieto, especialista en moitas cousas, entre elas historia, cine e biblia, todos os anos algúns medios de comunicación saen con algunha xenialidade polo Nadal, coma, que os Reis non eran magos, ou que os magos non eran reis, que a ver quen lles deu permiso para marcharen dos seus reinos sen cadeas contra a neve nin os teléfonos móbiles ben cargados, etc.

Penso eu se falar de sensacionalismos referentes ó Nadal non será debido a que, como as cortes nacionais e autonómicas quedan sen gancho por mor das vacacións, hai pouco de que falar nos xornais, radios e televisións neses días.

Este ano que vimos de rematar foi histórico na vila de Castro de Rei, porque por primeira vez tivemos un mago de cor negra sen necesidade de tinalo, porque xa era desa cor de seu natural. O que resulta aínda máis curioso e que me aceptase a proposta de ir de rei nunha festa católica sendo el musulmán. En sinal de gratitude e da boa disposición deste municipio de Castro de Rei, que, por ser chairego, téñ amplos horizontes, agasalouno o alcalde, Francisco Balado, con un Corán, dedicado e todo.

O Corán mercárao eu o mesmo día e na mesma librería que mercara o libro do Papa. A dependenta que me despachou díxome:

—Se los envuelvo en papel de regalo?

Eu respondílle:

—Nin de regalo nin de estraza, e ponme os dous na mesma bolsa e de cara un para o outro, que quero facer un experimento.

—Y que experimento, si no es mucha la pregunta?

—Pois, comprobar se se pelexan entre eles.

—Pues ya me contará.

—Xa, xa —dixen eu e funme despois de pagar co dez por cento de desconto por ser cura.

De vez en cando botáballes un ollo e, mentres andivemos por Lugo, seguiron de fronte a fronte. Teño de testemuña nada menos que a Portomeñe, o que daquela era Subdelegado do Goberno en Lugo, que llos ensinei xunto da porta do bispo Aguirre.

Pero cando cheguei á casa ían de cu, con perdón, un para o outro. O que non podó é

xurar que se virasen eles sós. Se cadra foi co tráquele tráquele do coche, que agora con recortes as fochancas ván a máis. Ou o mesmo na bolsa de La Voz de la Verdad reviviron vellas contendas e enfrontamentos por motivos relixiosos.

Non me estraña que o Príncipe da Paz teña que volver a nacer unha e outra vez a ver se damos aprendido a lección de amor eterno e infinito que nos veu ensinar, en lugar de enguedellarnos en pequenezas coma as da mula e o boi.

Cando andaba eu artellando este escrito morreu e celebraron funerais festivos polo presunto San Nelson Mandela. Hai quen di que non pode ser santo, porque, aínda que pacificou Sudáfrica, foi Nobel da Paz e é un home sinxelo e renovador con certo parecido co papa Francisco, non soubo gobernar a súa casa nin ós descendentes das súas tres mulleres, que andan medio revoltos por mor das partillas como bos parentes que son.

Pero o das tres mulleres non debería ser óbice ou impedimento, porque tamén os bispos levan o anel como sinal de desposorio coa diocese á que van servir, e moitos deles cando ven outra máis rica ou máis guapa esquécese da primeira e vanse coa segunda ou coa terceira, e despois bufan contra o divorcio e reafirman a indisolubidade matrimonial dos outros.

Con motivo da despedida de Mandela houbo celebración relixiosas ecuménicas nas que participaron representantes de distintas re-

lixións. Por que se darán tan poucas veces este tipo de celebracións? Quizais por iso temos que celebrar cada ano que todo un Deus faise Carne humanizante, Palabra elocuente e Luz refulxente para aprendernos a vivir con toda dignidade e en harmonía cos demais o feito de sermos homes ou mulleres independetemente da cor de cada un.

No Belén de Begonte cada figura, cada efecto sonoro ou luminoso, cada movemento, cada paisaxe resultan harmónicos e así hai sosego e beleza no conxunto e non hai liortas, enfrontamentos, guerras e pelexas esnaquizantes. Ó mesmo tempo o Belén Domínguez-Varela e demais familia begontina xa tería mérito abondo só por ser unha lección de historia etnográfica en perenne movemento. Ese Belén vén sendo dende hai moitos anos unha parábola con vida propia que nos amosa o que Deus soñou para a humanidade.

Vistas así as cousas, lector ou lectora amigos (amigos tedes que ser se chegastes lendo ata aquí, que algún que eu sei, nada máis ver quen firma ou que está escrita en galego toda esta parrafada torcen a vista e moumexan: “Piqué una vez, señor cura, pero ya no le picaré más, porque usted, además de escribir en gallego para que no le leamos, ofrece wishky y dá gaseosa envenenadita”, como escribira no xornal El Progreso o día 1 de maio de 1993 un tal José J. Rodríguez Armesto, a quen nin coñecín nin penso facer viaxe a propósito para coñecer.

Non será ben darlle a volta ó título do encabezamento? Non quedaría mellor:

COMPARADA A SOCIEDADE QUE CREAMOS CO BELÉN DE BEGONTE É UNHA FARSA QUE XA HAI MOITO QUE ESTÁ FÓRA DE TEMPO E DE LUGAR?

Ben sei que as figuras do Belén non teñen liberdade, son autómatas, pero tamén dixen que son unha parábola, para que aprendamos os que gozamos dese don da liberdade que nos fai imaxe de Deus.

No Nadal todo nos fala de paz e alegría no profundo. Por iso vai este artigo nun ton desenfadado e de certo humor para contrarrestar o efecto de non poucos tétricos predicadores que se empeñan en converter as mensaxe de Xesucristo nunha mensaxe lutuosa, válida para os enterros, pero non para a vida nin para a festa, quizais por iso algúns se paran máis na mula ou o boi ca na mensaxe mesma. Tamén eu teño caído nese pecado e nesa trampa que espanta. Permítaseme facer penitencia falando, sequera por unha vez, de verdades tan sublimes e ó mesmo tempo tan tenras, agarimosas, ledas e gozosas, con un sorriso que poida facer ó mesmo tempo de pregón.

Para iso nada mellor ca transcribir aquí mesmo o que pregoa Lucas no seu evanxeo:

“Había naquela comarca uns pastores que pasaban a noite ó descuberto vixiando o seu rabaño. Presentóuselles un anxo do Señor, e a gloria do Señor rodeounos co seu resplandor. Eles levaron un gran susto. Pero o anxo díxolles:

—Non vos asustedes, que vos veño anunciar unha boa nova: vai haber unha gran alegría para todo o pobo. Hoxe na vila de David nacevos un Salvador, o Mesías, o Señor. Este é o sinal: atoparedes unha criatura envurullada e deitada nunha manxadoira, nunha corte.

E, de súpeto, arredor do anxo apareceu unha multitude do exército celestial, que loaba a Deus dicindo:

—Gloria a Deus no ceo e na terra paz ós homes que gozan do seu amor!



FÉLIX VILLARES MOUTEIRA

Crego e profesor nado en Belesar-Vilalba, é licenciado en Teoloxía pola Universidade de Salamanca, foi rector do Seminario Menor Santa Catalina de Mondoñedo, e de 1999 a 2006 vicario xeral da diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Creador da revista mensual “Amencer”, ten publicado “Os poetas do Seminario de Mondoñedo”, “Xosé Crecente Vega”, “San Martiño de Belesar, memoria e futuro”, entre outros libros, e colaborado en La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, El Progreso, Encrucillada, Amencer e A Croa.

En outubro de 1999, a cidade de Mondoñedo rendulle unha homenaxe popular en agradecemento ó seu labor á fronte do Seminario Santa Catalina.

Tanto os seus alumnos como el teñen sido premiados nos certames literarios convocados polo Centro “José Domínguez Guizán” de Begonte.

O FARO DO “MAR EN CALMA” DA CHAIRA

No país da Fisterra, neste país –en palabras de Álvaro Cunqueiro, un dos seus fillos máis egrexios– «fermoso e eternamente verde que chamamos Galicia», hai unha comarca chamada Terrá Chá ou A Chaira, na que os ríos van mainos e caladiños para non esperar –segundo di unha fermosa lenda– ó Neno Xesús que dorme no colo de súa nai cando vai camiño de Exipto.

Na Chaira hai un pequeno pobo, pero cun corazón grande, no que cada ano, polo Nadal, ten lugar un milagre: máis de corenta mil almas de Galicia, e mesmo de fóra, se achegan ata el. Este pequeno gran pobo é, como o bautizou o Colectivo “Amencer” de Mondoñedo, Begonte do Belén.

O eximio bardo nacional deste país e desta comarca, que tan ben cantou, Manuel María –para quen desde aquí se pide o Día das Letras Galegas do 2015– dixo que a Terra Chá é «semellante a un mar en calma». A través deste «mar en calma» fan a súa singradura, no barco da vida, eses milleiros de navegantes que van á procura da luz do faro que é o Belén Electrónico de Begonte.

Ó final da singradura, estes miles e miles de navegantes atópanse seguros no faro de Begonte do Belén. Alí está o Centro Cultural «José Domínguez Guizán», que acolle, desde hai máis de corenta anos, o Belén máis fermoso de Galicia. O punto central é o misterio de Deus feito home no seo de María que naceu un día historicamente en Belén e que agora vén ó

noso encontro en cada muller e en cada home, en cada acontecemento... O posto máis destacado é para o Portal co Neno Xesús, coa Virxe María, con San Xosé, co boi e coa mula. Por suposto, non faltan tampouco os anxos, os pastores, os Reis Magos, o pazo do rei Herodes...

Pero tamén neste fermoso Belén –no que se recrea a vida nunha xornada enteira de calquera parroquia da Terra Chá– atopamos representados moitos oficios artesanais propios deste país (algúns desgraciadamente xa desaparecidos): os ferreiros, os serradores, os carpinteiros, a forneira, o oleiro, os pescadores, a fiadora, o cesteiro, o muiñeiro, os gadañeiros, os zoqueiros, as sachadoras, o picador da pedra do muiño... Aparecen ademais as construcións propias da Chaira: casas, muí-

ños, alpendres, alboios, cociñas, palleiras...; nenos xogando no parque; mulleres tendendo a roupa no tendal, muxindo as vacas, cribando no trigo...

Por iso, podemos dicir con propiedade, que este é un Belén que fai posible o diálogo fe-cultura, xa que é atractivo para os crentes e para os non crentes porque alí están presentes motivos relixiosos, motivos culturais, motivos etnográficos, motivos da cultura popular.

Os milleiros de navegantes que ata Begonte do Belén acuden, unha vez que cumpren cos ritos da obrigada singradura, volven felices e contentos á súa casa a través deste «mar en calma» da Chaira, despedíndose uns dos outros co “o Nadal do próximo ano vémonos no Begonte do Belén”.



JOSÉ REINALDO POL GARCÍA (PEPE POL)

Profesor e escritor, ten publicados varios libros de poesía e prosa, e organiza anualmente os Encontros Poéticos na Vila de Quiroga.

Colabora asiduamente en diversos medios e ten conseguido numerosos premios tanto de xornalismo, como cos seus alumnos polos traballos realizados nas súas clases.

Aínda non sendo galego de nacemento, é un entusiasta da cultura galega e tódalas súas actividades xiran arredor de Galicia, constituíndo un referente de impulsión cultural no sur da provincia de Lugo.

FIGURAS DUN MESMO BELÉN

Fai uns anos que vivo nun país nórdico. Non é que desexara alonxarme da miña Galicia nin deixar de poder recibir tódalas noites un bico de despedida dos meus avós, pois, dende moi cativo vivo cos avós maternos. Os meus país morreron nun accidente de tráfico, tendo eu un par de meses, e os meus avós paternos tamén faleceron , moito antes de chegar eu a esta vida.

Como moitos outros xovens da miña idade, por culpa de buscar un xeito mellor de vivir, tivemos que abandonar Galicia.

Pobre terra nosa, sempre, por un motivo ou outro, perdendo xente! Soamente quedan os vellos!

Non teño verbas para describir a tristura, a mágoa que supón estar lonxe e sentir latexar de forte dor o corazón.

Cando chega un Nadal e estamos moi afastados do noso lugar de orixe, a tristura e a morriña parecen lobos que devoran o noso sensible ser.

Todas as noites, cando falo por teléfono cos meus avós, noto a súa voz, as súas doces palabras, máis apagadas. Os probes están enfermos dunha enfermidade moi dura, a tristura da soedade e o peso inexorable dos anos.

Este Nadal, están moi ilusionados porque por fin, despois de moitos anos, teño dereito a unhas vacacións. Hai cartos para emprender ese desexado voo e vou ir xunto deles.

Xa chegou Decembro. Tomei nun avión rumbo a Galicia. As poucas horas estaba en

Santiago e, nun autocar, envolto nun soño máxico de ledicia, vou rumbo á nosa aldea. Xa, unha vez deixado este medio de transporte, na estrada que pasa a poucos kilómetros do meu pobo, collín polo carreiriño da miña infancia, buscando aquelas pegadas.

Ceguei á fontíña que, aínda canta una cantiga que soamente sabemos a súa letra os que nacimos nunha pequerrecha aldea.

O meu rostro está mollado e non pola auga que bebín nesa fonte, é polas bágoas de ledicia que percorren a miña cara. escoito as campás da capela. Treme coma unha folla, una morea de recordos chegan á miña mente (festas, romarias, a escola, as misas do domingo, as vacas, os rapaces amigos e as nosas falcatruadas, as mozas...). Esas badaladas parecen de benvida.

Collín a miña maleta e proseguín. Xa estaba vendo, agochada naquela nai montaña, a aldea da miña alma. Atopei algúns veciños, marcados polo paso do tempo. Todo eran apertas e berros: “Está eiqui o neto da Casa do Cego...”, o alcume da nosa casa. Pronto estaba ante a nosa; na porta, aqueles dous seres amados, os meus avós.

Unha aperta moi forte xuntou os nosos corazóns. Tanto tempo lonxe!!

A miña avoa dicía:

—Este si que é un verdadeiro Nadal. Xa era hora de deixar de estar sós ollando cara o lume e vendo como as nosas esperanzas de volver a ver ao noso neto convertíanse en cinza!

Aquela noite, non era aínda Noite Boa, pero, como non hai santo sen víspera, esa para nós foi unha moi especial. Falamos e falamos ata moi tarde. Xa estaba a casiña de pedra e teito de negra lousa leda, dentro, neses muros, cheos do grande tesouro da felicidade, estábamos de novo no meu berce e na terra dos meus ancestros.

Ao día seguinte dín un paseo polo pobo. Vin moitas portas pechadas, fiestras destartadas.... Eran poucas as casas que quedaban botando fume de vida. Chorei por ver que, por culpa do éxodo e da morte, eses fogares quedaban convertidas en ruinosos paredóns.

Pasados un par de días dixen aos meus avós que ía ir a Begonte, pois, facía uns anos, cando eles eran máis lixeiros de pernas, estiveron vendo aquel fermoso belén electrónico e mandáronme unha carta cunha postaliña-calendario dese belén e, entre as liñas daquela misiva recordó as seguintes:

“Querido Toño, onte estivemos vendo esta xoia do Nadal galego e pedimos que pronto puiderás estar pasando aquí estas festas. Que viras esta estrela que está alumeando a mesma Terra”.

Eles non podían acompañarme pero dixéronme que, cando estivera no río Ladra colleira una botella de auga, que levara esta auga comigo ao belén e logo, volverá con ela á casiña e, por suposto con outra estampiña como aquela que, desde aquel Nadal, levo sempre na miña carteira.

Moi cedo marchei, sen esquecer os dous encargos, pois os avós sempre están dando e, cando piden algo é que é un ben para todos. Marchei cara ao belén begontino que irradia luz de paz e felicidade por toda a Terra Chá.

Collín a auga e estiven varios horas por Begonte e moitas delas ollando cara a ese belén onde pedín perdón por ser vítima do materialismo e prometín deixar todo o que tiña nos países nórdicos, abandoar aquel traballo e quedar para sempre atendendo aos meus avós, a miña casa, a miña querida aldea e esperando que chegue outro Nadal para vir alimentarme co mellor doce, sentir a presenza do amor neste belén do Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán.

Xa estaba chegando o solpor cando volví á casa. Entreguei a auga e a estampíña aos meus avós e, decateime como seu rostro tomaba un semblante de auténtica felicidade. Logo, despois de cear, sentados no escano, cara o fogo da cheminea, comentei que xa nunca deixaría aquela casa, que os meus brazos estarían para axudar a manter erguidos aos meus avós e a miña terra.

Os dous velliños choraban emocionados e dixeron que ese era o mellor agasallo que podían recibir. Eles tamén serían, mentras tiveran vida, figuras dun mesmo belén, o familiar, pero isto, esta decisión, era un milagre que soamente sucedía en sitios espirituais dos que Begonte é un modelo. Ben sabe ese belén que, para salvagardar todos ese oficios, esas tradicións propias do mundo rural, fan falta

tres figuras indispensabels, os nenos, o noso futuro, os adultos, ferreiros forxadores dun próspero presente e os maiores, eses anciáns que son vigas mestres do teito do vivir.

Os humildes estamos chamados a ser os atlantes para levantar sobre os nosos ombreiros o medio rural, o singular berce onde o Nadal sempre estará vivo mentres cante un galo anunciando una bendita hora.

Dende este Nadal e, cos parabéns do belén begontino, non morreran máis aldeas porque acabouse a migración, volverán todas as peregrinas anduriñas para reconstruír os seus niños nestas casañas que viven un venturoso mencer.

Eu quedei cos meus avós disfrutando dunha cea de Noite Boa maravillosa, a cea dos que saben saborear todo o natural e concilian o sono da paz, os pastores da vida, que non ambicionan nada material e soamente queren axudar e colaborar a manter acesa a o fogo da familia.

A POMBIÑA DE BEGONTE

(No Nadal, amigos, atopamos os aires mellores para emprender calquer voo sempre que sexa de valor.)

Había unha vez un freire que estaba destinado de crego nun pobo da nosa xeografía.

A ilusión daquel home, exemplo de virtudes, era marchar de misioneiro a terras dos continentes afroasiáticos. Gustáballe moito ler e escribir poemas e relatos nas longas noites de soedade; dadas estas afeccións eran moitos os amigos que, cando estaban xunto del, lian as súas obras.

Un día, un deses lectores pidiulle que enviara a un certamen literario que existe en Begonte, no Centro Cultural Xosé Domínguez Guizán, unha daquelas obras. O freire non era moi dado a participar en concursos, pero por primeira vez, sen que servira de precedente, fixo caso. Debía ser, indudablemente un poema ou relato moi interesante, pois a finais de xaneiro, coincidindo coa clausura do Belén de Begonte foi citado por acadar nesa edición o primeiro premio. El xa tiña estado varias veces naquel abraiante sitio para ver o Belén, pero esta vez era tamén por ser gañador.

Cando recolleu a distinción dixo: “O mellor premio, amigos, e vir ata este lugar, o Belén dos Beléns”.

Os cartos que gañou xa non saíron dalí pois deixounos para que serviran de calor económico a esa actividade tan digna de seguir adiante. Colleu nas súas mans o trofeo, a pombiña, e apretouna, con postura agarimosa, cara o seu peito, e o seu corazón latexou con intensidade ao contacto coa figuriña de Sargadelos. Emocionado polo agasallo de cerámica marchou coa pombiña coma se recibira un don do ceo. Ia moi ledo e, cando chegou á

rectoral, colocouna na súa mesiña de noite aos pés do Cristo que nela tiña e pronunciou as seguintes verbas:

“Grazas, xa teño na miña modesta casiña ao Espírito Santo!”.

Antes de deitarse rezaba de xeonllos, ante o Cristo e a rula, e, cando abría os ollos cada día, facía outro tanto.

Asi pasaban os anos e, unha xornada chegoulle a misiva de que ía ir como misioneiro a illas do Indico. Acolleu a nova con gran lelicia, acordouse de despedirse dalgún amigo, pero tamén quería facelo do Belén de Begonte, indo coa súa pomba, e deixala alí como se fora unha figuriña máis daquel, pero a quería tanto, era tan importante para el, e como o Belén non estaba, dadas as datas, inaugurado, decidiu levala consigo e para algún Nadal volver os dous ata Begonte.

Emprendeu viaxe dicindo: “A voar chaman, bendita pomba!”. Na cidade de A Coruña tomou un mercante cara outro porto de terras de África. Poucas cousas levaba o freire, pero entre esas poucas, coma se fora a súa mellor mascota, estaba a pombiña de Begonte. Por veces, no seu percorrido, falaba con ela. No porto africano embarcou noutro buque cara as illas do Índico. Cando xa estaban a poucas millas de chegar ao seu destino, ese barco pesqueiro foi atacado por outro de piratas. Cando o freire viu o perigo, decatándose de que non ían saír vivos colleu a pombiña e, delicadamente, mentres choraba porque

non volvería vela, deixouna, por unha ventá do barco, no mar. Para sorpresa e ledicia viu que esa ave de cerámica frotaba no piélagos e parecía unha gaivota sobre as embravecidas ondas, mentres as chamus facían estragos no barco e os piratas saqueaban e mataban a todos. Chegaron xunto del e botáronno ao mar e como non sabía nadar e posible que morrera.

Mentres a pombiña, ignorando todo, foi surcando as augas ata, un día no luscofusco chegar a unha praia perdida. Era unha illa. Nesa había un nenino que tódalas tardes ía xunto ao mar para ver si traía de volta ao seu pai que era pescador. Mentres esperaba, o raparigo cos seus pés espidos corría pola area facendo castelos de ilusións na súa mente e agochándose a coller buguinas para escoitar non sabemos que chamada e, outras veces, intentar reter nas súas delicadas mans a flor branca da auga. Estando nesas viu na area, media oculta por guirnaldas de algas un obxecto, era a pombiña. Os seus ollos azuis encederonse dunha chamarada de ledicia e deu a benvida a esa cun sorriso grandioso. Unha grande alegría! Estivo o neno toda a tarde, ata o solpor agardando polo seu pai coa pombiña nas mans, pero non chegou. Vindo que era noite volveu moi triste cara a súa casa onde esperaba a nai, unha muller xoven que xa, dende cativa era invidente. Traía dúas noticias, unha mala, que o barco do seu pai non chegou á praia e outra boa, o agasallo do mar, esa pomba de Begonte.

Aquela noite non durmiron nesa modesta casa. O neno e a nai choraban polo pescador mirando para a pombiña.

A mañá cedo chegou a triste nova, a barca, aquel pequeno esquife afundiuse. As redes de ilusións e esperanzas daquela nai e fillo escacharonse. Os dous, sen ter que facer na illa, marcharon ao porto esperar que algún barco os levara lonxe, lonxe da illa da morte. Nai e o fillo colleron poucas cousas, pois a maleta dos pobres é fácil de facer.

A nai da man do fillo e o neno, das da súa nai, andiveron polo porto. Un mariñeiro, capitán dun barco dixo:

—Señora, señora, eu podería levarlles no meu barco pero como vostede é cega seguro que non pode traballar en nada na embarcación.

A muller, con cara de sorpresa, respondeu:

—Señor, estes ollos non ven pero os demais sentidos do meu corpo son solidarios con esa carencia e traballan o dobre para compesala. Eu son costureira. Non pense que os que somos discapacitados para unha cousa o somos para todas.

—Ben, respondeu o home, pois veñan con nós. Terán aloxamento e comida ata que queiran e, vostede irá cosendo os descosidos que haxa nas nosas roupas e redes.

Deste modo o nenino e a nai pasaron ao barco, iso si, sen deixar o cativo de ser seguro bastón da súa nai e colo da pombiña de Begonte.

Levaban varios días orzando cando un vixia anunciou que un barco facía sinais. Ache-

garonse e outro capitán dixo que eles ian para as Américas e que atoparon dous náufragos, un das illas asiáticas e outro español, e que se podían levalos no seu xa que tiñan bandeira española e de Oceanía. O homólogo accedeu e pronto chegaron ao pesqueiro, traídos por unha barquiña, os dous homes. O neniño que andaba por cuberta levou unha grande alegría, un deles era o seu pai.

Fundíronse nunha interminable aperta e logo foron a facer o propio xunto a nai. Mentres, o cativo non se decatou de que o outro home tammén estaba moi feliz mirando cara o neno. Era aquel freire que volvía dos infernos do mar, pois houbo unha táboa salvadora que non deixou que morrera afogado. Non puido evitalo e acercándose ao neno dixo: “esa pomba, esa pomba!”.

O raparigo respondeu:

—E súa, bo home?

E o freire dixo:

—Neniño, é de todos, é de Begonte.

Aquela tarde pasouno explicándolle ao pequeno a relación que tiña coa pomba, pero dixo:

—Non temas, agora é túa.

E o cativo dixo:

—Señor, temos que levala ao seu pombal, a ese pobo de Begonte.

Un día, xa por decembro o capitán dixo que ian estar un par de días no peirao de Vigo para tamén deixar a ese bo freire na súa terra. Entón esa familia, animada polo fillo

que quería coñecer Begonte e levar a pomba alí, agradecendo as atencións do capitán do barco e a tripulación, deciden despedirse. A nai pensa que, con esa decisión volven a estar na indefensión e xa non terán nin para comer nin tampouco un seguro refuxio, agora, pensa a muller seremos náufragos en terra firme todos.

Aos poucos días están na cidade olívica. Moi agradecidos despedíense dos tripulantes e os mandos da embarcación e, co freire toman rumbo a Lugo. O cativo non cesaba de exclamar:

—Ai, miña naiciña, se puideras ver o bonito que é todo isto!!

O freire falaba co pai e a nai cosía e desco-sía pensamentos coas agullas finas e punzantes das súas ideas.

Nese día, unha xornada propia de decembro, a Terra Chá estaba vestida co seu vestetalar, esa gasa de néboa abraiante que da un encanto sobrenatural a esta bisbarra no tempo do Nadal.

Cando chegaron no coche da liña a Begonte dixo o freire:

—Xa está a pombiña de Begonte no seu pombal, pois iste, o Belén deste lugar é un pombal moi singular, xa que é señorial sendo a mansión de tódolos humildes do mundo.

Na entrada, no adro da igrexa, estaba o crego que recibiu con moita emoción ao freire fundíndose ambos nunha aperta. Contoulle o motivo de ir na compañía daqueles e que esta-

ba preocupado por ver se atopaban un fogar e un traballo.

O crego dixo:

—No concello precisan un traballador de xardiñería e este antigo pescador pode cambiar as redes pola tesoiras de podar plantas.

Deste xeito atoparon traballo e unha casa para vivir e, dende esa data, esa familia foi unha máis que quedou para sempre formando parte do pobo de Begonte que, no seu belén de vida, acolle a todos baixo as azas espirituais da Pombiña do Belén de Begonte.

Todos os anos, a finais de xaneiro, as mans dos organizadores do Belén de Begonte entregan estes galardóns; deixan a moitas pombas nas doutros, os premiados, para que, como a protagonista, inicien novos voos e vaian ao pombal doutras moradas levando o espírito deste belén a diferentes partes da xeografía.

EL ÁRBOL DE BEGONTE

(El de madera más sentimental y noble)

Érase una vez un anciano leñador que, en las noches largas de invierno pasaba el tiempo contando a sus familiares y amigos sus andanzas como leñador por diversos puntos de España y el mundo. Todos los que le oían

quedaban asombrados con las proezas de este aizcolari y lo mucho que sabía de árboles y maderas. No había nadie en la redonda que le superara en el número de ejemplares arbóreos talados y serrados.

Fue tan conocida la fama de este hombre que era ingente el número de los turistas y curiosos que se acercaban a aquel caserío vasco para asistir, asombrados y expectantes, a esas tertulias en las que el anciano les embelesaba con sus palabras mientras les invitaba a degustar algún producto de su bodega.

Un día, uno de aquellos contertulios, un viajero desconocido, después de escucharle atentamente, le dijo:

“Buen hombre, usted, es un experto en árboles pero, perdone que le diga, que todavía no ha tenido la suerte de conocer el árbol que goza de las raíces más profundas, pues llegan a los corazones. Su tronco es tan grueso y fuerte que ni la más afilada hacha lo talará. De porte majestuoso y dotado de múltiples ramas e infinidad de hojas, una fronda maravillosa. Florece desde primeros de Diciembre a finales de enero y sus frutos son el viático que todo humano mortal necesita probar para llegar a ser siempre un hombre o mujer nuevo/a”.

Continuó el desconocido: “Es una singular planta perenne y todo el que disfruta de su sombra, el que se detiene bajo él queda sumido en el mejor sueño del mundo, el que siente el que vive en Navidad”.

El anciano exclamó:

—¿En qué lugar está? ¡Quiero conocer ese árbol!

El viajero repuso con sosiego:

—Al borde de El Camino y, lo riegan y cuidan un sacerdote, Xesús Domínguez Guizán y unos entregados vecinos, para que todos podamos gozar de sus frutos y de su celestial sombra.

El leñador responde:

—Yo quiero ir junto a él para disfrutar de su sombra, flores y frutos.

—Bien, repuso el viajero, esa planta que parece exótica y descomunal, es de lo más sencillo y normal. Crece y se desarrolla en el pueblo de Begonte, en Galicia.

A lo que el anciano contestó:

—Pues, desconocido amigo, como mi equipaje es bien ligero, si no le importa sírvame de guía, me indica el camino para llegar hasta ese fascinante pueblo.

El interlocutor le responde:

—Por suerte soy gallego y afilador, natural de Luintra y voy hacia mi tierra y, como hago todas las Navidades, antes de irme para mi hogar pasó por Terra Chá para visitar ese árbol. Así que... ¡¡es un placer!!

A la mañana temprano, al canto del primer gallo, cuando aún los montes no se habían destapado de la sábana de la niebla, iniciaron la marcha.

Cuenta la historia que cuando llegaron a Begonte era un par de días antes de Navidad. El leñador no cesaba de preguntarle

cual era el árbol en concreto. “¿Será éste? Aquel otro?”

Entonces su acompañante lo condujo a la entrada del Centro Cultural José Domínguez Guizán y, cuando pasaron el umbral dijo, con voz muy delicada, al leñador:

—Mire, este es el Árbol de Begonte, el que tiene savia de tradición espiritual y frutos de zumos de bondad sentimental, el belén electrónico.

Atónito quedó el caballero mayor y, volviendo su emocionado rostro hacia el afilador, dijo:

—Gracias a usted, en el ocaso de mi vida he vivido el mejor y más grande de mis amaneceres, conocer el fascinante Belén de Begonte.

Cuentan que, al marchar el leñador llevo consigo muchos calendarios del Belén de Begonte, esas famosas estampitas y, cual si fueran semillas las iba regalando a todos los que en su recorrido encontró. Desde esa Navidad ningún abeto o pino tuvo que tener miedo a que en las fiestas navideñas lo talaran para adorno en algún hogar o plaza de Ayuntamiento, pues todos plantaron, imitando al de Begonte, entrañables y bellos Nacimientos.

Nada se supo de uno y otro, leñador y afilador, pero dice la leyenda que cada vez que se inaugura el belén electrónico, se oye un silbido y, a continuación, una voz angelical que dulcemente dice:

—Venid, junto al árbol perenne de madera más sentimental y noble, el que, sin arder,

desprende el mayor calor, el fuego divino de la maravillosa Navidad. Venid a visitar el Belén Electrónico de Begonte, el árbol que florece cada invierno y, todo el año en los humanos corazones. Sus frutos son sentimiento puro, patente en obras y acciones de solidaridad y cooperación. Los mejores ebanistas de la vida bien saben que el árbol que riegan Parga y Ladra, esa planta de ensueño bajo el que se

cobijan pastores, herreros, lavanderas... y toda la tradición de Galicia y España entera, es el ejemplar de la tradición que renace cada Navidad en un singular árbol que parece salido de un cuento, pero brota de la semilla de ser cristiano. Es un Nacimiento de la Luz de la Felicidad que ilumina las noches de las que nacen auroras de maravillosa ilusión.



PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ

É escritor e funcionario da Xuta de Galicia desde o ano 2002.

Apaixoado polas grandes civilizacións, en especial pola romana e a celta, raíces da súa Galicia natal.

Coa súa primeira novela, *Las hijas del César*, foi finalista do Premio Planeta de Novela 2006 (55ª Edición), da que ata hoxe en día se teñen publicado cinco edicións, máis unha en galego.

En 2010 ve a luz a súa segunda obra *Ladrones de historia* con dúas edicións.

Colaborador habitual en medios de comunicación galegos, actualmente La Voz de Galicia e Cadena SER. Ten participado en numerosas publicacións e obras colectivas, entre elas: *Mato sono Io* (Fundación Manuel María 2009), *El Juli, natural(mente)* (Imagineediciones 2010) de Cristina Padín Barca, *Se lo dije a la noche. Poemario traducido a todas las lenguas ibéricas* (Ediciones Beta 2011) coordinado por Juan Carlos García Hoyuelos.

En 2010 gaña o Premio Begonte de Xornalismo co seu artigo “Begonte, belén infinito” publicado en El Progreso e Galicia Dixital. En 2011, accésit no Premio de Poesía Concello de Paradela co seu poema “Sagrado é”, en 2012, 2º Premio no XXXVII Certame de Poesía sobre o Nadal coa obra “Natureza galega, berce chairego”, nas súas primeiras incursións como poeta.

EXISTE UN LUGAR

Existe un lugar en el que las estrellas se posan sobre la tierra, y los que en ella vivimos rozamos el cielo con las yemas de los dedos.

Esta Navidad mi visita es muy especial. Algo invisible y poderoso me ha encogido hasta el palmo de altura, y cual Gulliver lucense, les escribo la crónica de mi viaje. Y lo hago desde dentro, mantengan el secreto. Shhh!

Anochece y veo las montañas nevadas en un horizonte presidido por el astro nocturno de Oriente, respiro paz y comienzo mi camino. Con paso lento para disfrutar de cada trino de los pájaros, de cada sonido que ya me envuelve y me hace latir el corazón con rapidez. Me siento vigilado por Herodes, que desde la altiva posición de su castillo, permanece oculto tras sus soldados. La centuria romana también lo protege, algo habrá hecho para rodearse por tal número de guardaespaldas.

Me detengo en la primera senda, y tras saludar a lavanderas y serradores, me encuentro una primera estrella. Don José va dando las buenas noches a todos los habitantes de la comarca. Se vuelve hacia el exterior y saluda también a los visitantes, a las familias que abarrotan la escalinata en rotaciones perfectas cada pocos minutos. Me tiende la mano y la aprieto con fuerza. Me cuesta apartar la mirada, dejar atrás aquellos ojos mágicos, magnéticos y llenos de experiencia, bondad y sabiduría.

Avanzo hacia la aldea, escuchando el martillo del herrero y el susurro del viento acu-

nando los copos de nieve, iluminado por la luz que llega desde los candiles y desde los hogares de las casas. Los pastores recogen el ganado y las hilanderas prosiguen su labor, agotadas pero firmes. Siento frío y decido buscar refugio, lo encuentro en la morada de la segunda estrella.

Varela da un relevo al tornero, que cansado tras horas de oficio, se toma un respiro para charlar con su amigo el molinero. Miro a Varela, me guiña un ojo. Sus manos sobre el torno, moldeando, creando, ¿quizá más compañeros para la próxima Navidad? No me atrevo a preguntar, sé que volveré una y mil veces para adivinar su secreto, para descubrir si los movimientos de los nuevos habitantes serán articulados también, si representarán un oficio gallego, si adquirirán el paso marcial de un legionario.

Amanece. Mis pasos siguen las huellas de los Magos, y dejo a mi espalda a un pescador que ha madrugado, trato de no molestarlo y espantarle la pesca.

De pronto, me detengo sorprendido. Oigo unas palabras que conozco muy bien:

“Dormidas polas vereas, coa música de María, do seu verbal espertaron, máis de trescentas cantigas...” Reconozco los versos de mi tercera estrella del viaje. Marcial posa la caña y recoge cuidadosamente una bota de vino, quizá de la Ribeira Sacra. Brinda por mí y por todos ustedes. Salud. “Estase ben aquí, na fonte Arcada, gústanme algúns cantares, e es-

tou ledo coa compañía” Si algo sé al reemprender la marcha, es que volveremos a vernos.

Alcanzo ya a los señores de Oriente, están a punto de alcanzar su destino, ese portal de luz y esperanza que persiguen desde hace meses. Me uno a su esperanza y a los pajes que marcan la retaguardia del cortejo real. Mi corazón late todavía más deprisa, estoy cerca. Los cánticos son alegres y tambores y pande-retas acarician al niño Dios con su compás. Si creía que ya había visto suficientes estrellas, me equivocaba, pues aún navego entre las mareas luminosas de la Vía Láctea, que persigue la misma meta que todos los que peregrinamos. Nobles majestades y peregrinos de a pie obedecemos la señal de Melchor. La casa del carpintero. Algún caminante se sienta buscando hierba mullida, los magos desmontan y yo... Y yo busco entre la multitud allí reunida, algo en mi interior me indica que alguien me espera, que alguien busca mi mirada cómplice. Ese algo acierta, allí están, sonriéndome, mis abuelas. Días antes de que María regalase a su hijo al mundo, las dos, Dorinda y Tita, se unieron a esa maravillosa procesión estrellada. Me quedo embrujado por sus sonrisas, me las guardo y me las traigo.

Los lloros de un niño. Baltasar suelta una carcajada que se escucha hasta en las aguas cristalinas del río Ladra, lo han despertado y se asusta, su madre consuela el llanto. Me acerco y recibo esa bendición colectiva que todos ansiamos y necesitamos. Lo veo a Él y

veo a mis hijos, a mi recién nacida sobrina y al niño o niña que todos llevamos dentro. Veo una familia feliz y rezo por la mía. Sé que el futuro le deparará al recién nacido en Begonte cosas bellas, y también los momentos más amargos de la Historia, y sé que belleza y amarguras serán compartidas en el seno de cada hogar. Me hago una promesa, peregrinaré en busca de lo bello y lo disfrutaré cada día, cada minuto.

Con el pecho henchido y alegre, me retiro, desandando mis andares y recuperando la altura y la vida del verdadero Gulliver. Me voy pensando en lo soñado y soñando con lo vivido, y como dice la canción “me voy pero les juro que mañana volveré”. Quizá sea para quedarme y quizá para siempre, pero el destino está escrito en páginas bien diferentes a estas.

Existe ese lugar, y desde Begonte do Belén les saludo.



CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUIZÁN"
BEGONTE (LUGO) – DEC. 2014-XANEIRO 2015